



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroen

**SR. DIRECTOR
PSA PEUGEOT CITROËN**
Vigo, 22/10/09

Señor Director dirixímonos a vostede para facer unha reflexión conxunta.

Estando vostede tan comprometido ca Seguridade dos traballadores/as, compromiso do que sempre vimos participando na **C.I.G.**, non chegamos a comprender que tanto como hai que facer nos postos de traballo, se alteren e de que maneira as prioridades. Falamos da escea que se da a hora da entrada e saída das quendas, con todo un dispositivo de persoal de seguridade, como se dun patio de colexio se tratase, para que nesas horas punta os traballadores enfilen por pasos de cebra estreitos e quebrados e así que ninguén se caia da fila. Segundo os cómics de Asterix... ¿non eran os Romanos os que se enfrontaban os incívicos Galos?

Voltando o obxectivo principal que é a Seguridade das persoas, ¿como entender este empeño na pista principal cando os accidentes que sufrimos os traballadores están localizados nos lugares de traballo?. Sendo moitos deles precisamente consecuencia desa falla de espazos para os movementos imprescindibles das persoas que traballan, ¿porque non se lle da esa prioridade?.

Vostede sabe, porque desgraciadamente esta demostrado, que como consecuencia de non respectar as medidas mínimas dos pasillos de seguridade que se recomendan por lei, dan lugar a moitos incidentes e accidentes, algúns deles con graves consecuencias para os traballadores.

Collamos o exemplo de Montaxe, onde a **C.I.G.** xa aportara un estudo feito no ano 2006, desvelando nesta materia as carencias de moitas zonas destes Talleres, como:

- .- pasillos compartidos por persoas e carros.
- .- pasos de peóns onde se deixan cestóns para poder duplicar referencias.
- .- zoas de circulación de carretillos que deberan ser dun so sentido para cumprir coa normativa vixente.
- .- zoas de paso de 50cm que quedan en 10 cm.o alcanzar unha columna.
- .- pasos que rematan contra unha parede.
- .- postos onde de tanto aproximar o material non se pode pasar.
- .- ou que decir, si os traballadores/as nas paradas fosen rigorosamente polos pasillos, moitos Módulos nin tempo lles daría para entrar o baño, ou comer o bocadillo.

Sendo todo mellorable, para a **C.I.G.** aí é onde realmente deberíamos poñer o acento, nos lugares de traballo, por ser onde corremos maior risco. ¡Ah! por certo, o acceso a entrada principal da Casa Branca non ten paso de peóns.

.Asdo: Miguel Pérez González
Delegado de Prevención pola C.I.G